

GR/ag

Asunto: Informe técnico de valoración dos criterios subxectivos que dependen dun xuízo de valor das ofertas presentadas ao procedemento aberto convocado polo Concello de Mondariz para a contratación do subministro dunha máquina trituradora con remolque.

Vista a solicitude presentada polo Concello de Mondariz sobre o asunto arriba indicado, adxunto remítolle o informe emitido ao respecto pola técnica do Plan Revitaliza adscrita ao Servizo de Asistencia Intermunicipal da Deputación Provincial de Pontevedra, no exercicio das competencias provinciais de asistencia e cooperación técnica aos Concellos recollidas no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e nos artigos 109 e 115 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Pontevedra, 11 de febreiro de 2019.

A PRESIDENTA DA DEPUTACIÓN
PROVINCIAL DE PONTEVEDRA




MONDARIZ
REXISTRO ENTRADA
2019-E-RC-392
13/02/2019 11:52



Concello de Mondariz

R/Merouces nº 16.

36870 MONDARIZ.



**DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA**



revitaliza

CONCELLO DE MONDARIZ

INFORME DE VALORACIÓN CORRESPONDENTE AO SOBRE "B" CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN QUE
DEPENDEN DUN XUIZO DE VALOR

EXPEDIENTE PARA A CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DUNHA MÁQUINA TRITURADORA CON
REMOLQUE PARA A XESTIÓN DOS RESIDUOS ORGÁNICOS PROCEDENTES DOS RESTOS VEXETAIS
DE PODAS, MEDIANTE PROCEDEMENTO ABIERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA

INTRODUCCIÓN

O obxecto deste informe é valorar os criterios subxectivos que dependen dun xuízo de valor das ofertas que os licitadores presentaron no procedemento aberto convocado polo Concello de Mondariz para a contratación do subministro dunha máquina trituradora con remolque para a xestión dos residuos orgánicos procedentes dos restos vexetais de podas producidos no municipio de Mondariz.

No sobre B incluirase unha memoria técnica descriptiva dos elementos a proporcionar conforme ao especificado no Prego de Prescripcións Técnicas (PPT) e na cláusula oitava do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP). A través desta memoria técnica valoraranse os criterios que dependen de xuízo de valor

De acordo co disposto no punto 6 do PPT (*Descripción técnica xeral do subministro*), o incumprimento dalguna das especificacións técnicas definidas nese punto, darán lugar a exclusión da oferta presentada.

O PCAP plantexa os seguintes criterios de valoración:

	PUNTOS
<i>Sistemas de trituración.</i>	20
Valorarase o tipo e características do sistema mixto de trituración por combinación de martelos e coitelas.	
<i>Sistemas de carga do material a triturar.</i>	9
Valorarase que o sistema de asentamento da trituradora sobre o remolque lle permita o xiro sobre o mesmo cara a ambos lados.	
<i>Sistema de peneirado final do material triturado.</i>	4
Valorarase a posibilidade de dispoñer dalgún sistema de peneirado final (previo á entrada final do triturado), con peneiras intercambiables de colocación opcional que permitan limitar a granulometría máxima do triturado final.	
<i>Dispositivos adicionais de alimentación.</i>	4
Valorarase que a máquina trituradora, a maiores do sistema tolva/boca de alimentación principal, dispoña dalguna boca adicional secundaria de alimentación.	
<i>Compactidade da maquinaria.</i>	6
Dentro de cumplir as prestacións valorarase a compactidade da máquina segundo as súas dimensións máximas en lonxitude, anchura e altura (incluíndo o remolque).	
<i>Lixeireza da máquina.</i>	6
Valorarase a lixeireza da máquina en función da súa tara (incluso o remolque).	
TOTAL:	49

As empresas licitadoras que se presentaron ao procedemento aberto obxecto do presente informe técnico, son as seguintes:

1. BAYGAR , S.L.
2. ELIAS JADRAQUE, S.A.

CARACTERÍSTICAS XERAIS DAS OFERTAS

CRITERIOS SUBXECTIVOS QUE DEPENDEN DUN XUÍZO DE VALOR. ANALISE DA OFERTA

A continuación faremos un detalle pormenorizado das características da máquina trituradora con remolque proposta por cada unha das empresas licitadoras, en relación cos criterios subxectivos que depende dun xuízo de valor:

1.- Sistema de trituración. Valorarase a existencia dun sistema mixto de trituración que combine martelos e coitelas.

BAYGAR, S.L.

A oferta presenta un sistema de corte de rotor mixto con dúas coitelas e sesenta martelos (2 + 60). Óptase por equipar o sistema de corte con máis martelos para que poida triturar mellor os restos verdes e húmidos sen atoramentos.

ELIAS JADRAQUE, S.A.

En resposta ao requerimento de data 2 de febreiro de 2019 relativo ao número de martelos e coitelas da trituradora ofertada, a empresa Elías Jadraque confirma que o sistema de trituración é mixto cun rotor composto por 60 martelos e 2 coitelas reversibles.

Á hora de valorar este criterio, dentro da combinación (martelos/coitelas), obteñen maior puntuación as ofertas que presentan unha maior relación entre o número de martelos por coitelas, penalizándose as que teñen soamente coitelas e considerando inadecuadas as que soamente presenten martelos.

No seguinte cadro resúmese a puntuación obtida por cada unha das empresas neste apartado:

	PUNTOS	BAYGAR	E.JADRAQUE
<i>Sistemas de trituración.</i>	20	16	16
Valorarase o tipo e características do sistema mixto de trituración por combinación de martelos e coitelas.	20	16	16

2.- Sistema de carga do material a triturar. Valorarase que o sistema de asentamento da trituradora sobre o remolque lle permita o xiro sobre o mesmo cara a ambos lados.

BAYGAR, S.L.

Máquina montada sobre un remolque de 2 eixos (4 rodas) homologado para 80 km/h, con coroa de xiro de 180º para poder traballar en distintas posicións sen necesidade de mover o remolque de traballo.

ELIAS JADRAQUE, S.A.

A oferta unicamente especifica que o xiro do remolque é de 180º.

No seguinte cadro resúmese a puntuación obtida por cada unha das empresas neste apartado:

	PUNTOS	BAYGAR	E.JADRAQUE
<i>Sistemas de carga do material a triturar.</i>	9	9	9
Valorarase que o sistema de asentamento da trituradora sobre o remolque lle permita o xiro sobre o mesmo cara a ambos lados.	9	9	9

3.- Sistema de peneirado final do material triturado. Valorarase a posibilidade de dispoñer dalgún sistema de peneirado final (previo á entrada final do triturado), con peneiras intercambiables de colocación opcional que permitan limitar a granulometría máxima do triturado final.

BAYGAR, S.L.

A oferta presenta unha criba intercambiable para refinado de achas, incluída na trituradora (criba fixa), cunha luz de 150 milímetros, con posibilidade de intercambio.

ELIAS JADRAQUE, S.A.

A oferta presenta un sistema de cribado con cribas intercambiables para granulometría fina para compost.

No seguinte cadro resúmese a puntuación obtida por cada unha das empresas neste apartado:

	PUNTOS	BAYGAR	E.JADRAQUE
<i>Sistema de peneirado final do material triturado.</i>	4	3	3
Valorarase a posibilidade de dispoñer dalgún sistema de peneirado final (previo á entrada final do triturado), con peneiras intercambiables de colocación opcional que permitan limitar a granulometría máxima do triturado final.	4	3	3

4.- Dispositivo de alimentación. Valorarase que a máquina trituradora, a maiores do sistema tolva/boca de alimentación principal, dispoña dalgunha boca adicional secundaria de alimentación.

BAYGAR, S.L.

A máquina dispón dun sistema de alimentación constituído por unha cinta de arrastre metálica de 1500 mm de longo e 480 mm de ancho. A tolva principal de carga ten unhas dimensíons de 1600 mm de ancho por 2000 mm de longo, apta para a alimentación tanto manual como con grúa. Mientras que a tolva de carga lateral ten unhas dimensíons de 450 mm de ancho por 1200 mm de longo, para a alimentación manual.

ELÍAS JADRAQUE, S.A.

A oferta indica que a máquina ofertada ten unha correa de carga de aceiro inoxidable de 1370 x 370 mm. Dispón de dobre sistema de alimentación con boca lateral adicional, cunha lonxitude de tolva de 1550 mm (supoñemos que esta medida corresponde a tolva principal). Non se dispón de información da tolva lateral.

Como a oferta de Elias Jadraque no inclúe información algúnsa da segunda tolva (lateral), penalizamos a mesma por carecer de datos comparativos para a súa valoración.

No seguinte cadro resúmese a puntuación obtida por cada unha das empresas neste apartado:

	PUNTOS	BAYGAR	E.JADRAQUE
<i>Dispositivos adicionais de alimentación.</i>	4	4	2
Valorarase que a máquina trituradora, a maiores do sistema tolva/boca de alimentación principal, dispoña dalgunha boca adicional secundaria de alimentación.	4	4	2

5.- Compactidade da máquina. Valorarase a compactidade da máquina segundo as súas dimensíons máximas en lonxitude, anchura e altura.

BAYGAR, S.L.

As medidas totais da máquina son:

- Longo: 4600 mm
- Ancho: 1650 mm
- Altura: 2400 mm

Ademais dispón de cinta de descarga pregable para o seu transporte.

ELÍAS JADRAQUE, S.A.

O oferta unicamente indica que a máquina é moi compacta sen especificar as súas medidas.

Como a oferta de Elias Jadraque no inclúe información algúns en relación a súa compactabilidade (medidas da máquina), penalizamos a mesma por carecer de datos comparativos para a súa valoración.

No seguinte cadro resúmese a puntuación obtida por cada unha das empresas neste apartado:

	PUNTOS	BAYGAR	E.JADRAQUE
<i>Compactidade da maquinaria.</i>	6	2	0
Dentro de cumplir as prestacións valorarase a compactidade da máquina segundo as súas dimensións máximas en lonxitude, anchura e altura (incluíndo o remolque).	6	2	0

6.- Lixeireza da máquina. Valorarase a lixeireza da máquina en función da súa tara (incluído o remolque).

BAYGAR, S.L.

A máquina ofertada corresponde o modelo Bio 600, con motor diésel Iveco de 75 hp de potencia, cun peso aproximado de 1550 kg. A trituradora está montada sobre un remolque de 2 eixos (4 rodas) homologado.

ELÍAS JADRAQUE, S.A.

Máquina ofertada ten un peso de 1500 kg, incluído remolque con motor de 75 hp.

No seguinte cadro resúmese a puntuación obtida por cada unha das empresas neste apartado:

	PUNTOS	BAYGAR	E.JADRAQUE
<i>Lixeireza da máquina.</i>	6	2	2
Valorarase a lixeireza da máquina en función da súa tara (incluído o remolque).	6	2	2

CONCLUSIÓNS

A vista do sinalado no corpo do presente informe, as puntuacións obtidas polos licitadores en cada un dos apartados recollidos no PCAP son as seguintes:

	PUNTOS	BAYGAR	ELIAS JADRAQUE
<i>Sistemas de trituración.</i>	20	16	16
Valorarase o tipo e características do sistema mixto de trituración por combinación de martelos e coitelas.		16	16
<i>Sistemas de carga do material a triturar.</i>	9	9	9
Valorarase que o sistema de asentamento da trituradora sobre o remolque lle permita o xiro sobre o mesmo cara a ambos lados.		9	9
<i>Sistema de peneirado final do material triturado.</i>	4	3	3
Valorarase a posibilidade de dispoñer dalgún sistema de peneirado final (previo á entrada final do triturado), con peneiras intercambiables de colocación opcional que permitan limitar a granulometría máxima do triturado final.		3	3
<i>Dispositivos adicionais de alimentación.</i>	4	4	2
Valorarase que a máquina trituradora, a maiores do sistema tolva/boca de alimentación principal, dispoña dalgunha boca adicional secundaria de alimentación.		4	2
<i>Compactidade da maquinaria.</i>	6	2	0
Dentro de cumplir as prestacións valorarase a compactidade da máquina segundo as súas dimensións máximas en lonxitude, anchura e altura (incluíndo o remolque).		2	0
<i>Lixeireza da máquina.</i>	6	2	2
Valorarase a lixeireza da máquina en función da súa tara (incluído o remolque).		2	2
TOTAL:	49	36	32

Informe que lle traslado aos efectos oportunos.

Pontevedra 11 de febreiro do 2019

A técnica do Plan Revitaliza da Deputación de Pontevedra
 María Martínez Abráldes



MESA DE CONTRATACIÓN.
 CONCELLO DE MONDARIZ.

